



Programación do CIOV (2026) Vanessa Glemseel

Módulos de poesía que terán lugar os días:
17, 24 de setembro; 6, 8, 13, 15, 20, 22, 27, 29 de outubro; 3, 5, 10, 12 de novembro de 2026

No Auditorio Mar de Vigo, aula 5.4 - planta 5.ª (entrada pola porta da UNED, Avda. Beiramar, 57)

De 17:00 a 20:00

Módulo 1. Obradoiro slam/spoken word

A) Creación de textos poéticos

-Procurar formas de creación poñendo especial énfase nos tropos e figuras que afectan á oralidade. O ritmo, a sonoridade e a fonética do texto e a súa fusión coa música.

-Análise e composición de textos que poñan de relevo á poesía híbrida con outros xéneros propios da oralidade: o poema-monólogo/diálogo, o poema-microrrelato, o poema-performance...

B) Interpretación oral dos textos poéticos

-Aprender técnicas e exercicios básicos para un quenamento vocal: relaxar os músculos da cara e o colo, vocalizar e procurar unha dicción o máis limpa posible. Buscar o ton da nosa interpretación dentro do rango de posibilidades que ofrece a cada unha a súa propia tesitura vocal.

-Tratar de dominar a expresión facial e corporal: acompañar as palabras co ollar e a expresión facial por afinidade ou por oposición. Buscar a empatía do público a través da intencionalidade dos xestos.

Posición corporal, acompañamento coas mans etc.

-Ton e interpretación oral: buscar as diferentes posibilidades de lectura que ofrece un texto e interpretalo con base nunha intención e un sentido concretos. Transmisión comunicativa a través de textos poéticos.

C) Divisións dos contidos por sesión

1. Presentación do tema, parte teórica e mostras: vídeos, escoitas etc.

2. Traballo de mesa, escrita e preparación para a oralidade.

3. Traballo práctico: desde o inicio do curso, o apartado de traballo práctico reservarase para a preparación dun traballo individual ou colectivo, tendo en conta os distintos modos de levar á escena o texto poético. A finalidade é facer unha mostra aberta ao público ao remate da tempada.

Módulo 2. Obradoiro de poesía expandida

A) [Poesía e outros soportes, poesía en fusión co teatro, performances poéticas, poesía e corpo...]

"El poema existe y se transforma o se amplifica con la experimentación sonora, con una pieza transmedial donde tienes cine en vivo, sonoridad, performance. El poema siempre está ahí, no se pierde, simplemente se amplifica y el cuerpo del poeta que se vuelve un performer también hace que se amplifique el propio cuerpo del poema, le da forma. No se pierde, simplemente se amplifica o se expanden las posibilidades del poema". Rocío Cerón

B) Que faremos no obradoiro?

Alguns exemplos das actividades que realizaremos neste obradoiro, seguirán os seguintes roteiros:

-Composición individual e colectiva de textos poéticos na que se usarán diferentes figuras, tropos e xogos de linguaxe para conseguir un manexo cómodo da linguaxe poética.

-Procurar formas de creación poñendo especial énfase nos tropos e figuras que afectan á oralidade. O ritmo, a sonoridade e a fonética do texto e a súa fusión coa música.

-Análise e composición de textos que poñan de relevo á poesía com límite entre diversas disciplinas: videopoesía, performance poética, teatro poético etc.

-Creación de texto tendo en conta a posibilidade de intervención con obxectos e o movemento do espazo.

-Compaxinar a lectura con música. Propostas diversas de interacción música-texto.

-Indagar na oposición "interpretación oral vs interpretación teatral": semellanzas, diferenzas e límites.

-Compoñer co corpo no espazo. Movemento escénico, espazo e obxectos. Escenografía, luz etc.

C) Divisións dos contidos por sesión

1. Presentación do tema, parte teórica e mostras: vídeos, escoitas etc.

2. Traballo de mesa: escrita e preparación para a oralidade.

3. Traballo práctico: desde o inicio do curso, o apartado de traballo práctico reservarase para a preparación dun traballo individual ou colectivo, tendo en conta os distintos modos de levar á escena o texto poético. A finalidade é facer unha mostra aberta ao público ao remate da tempada.

Máis información na web snl.vigo.org (Normalización Lingüística)

Para inscribirse deben enviar un correo a actividades.snl@vigo.org co seu nome e número de teléfono